

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 21 DE FEBREIRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón que cese Alfonso Cabaleiro Durán como secretario xeral de Medios.
- Decreto polo que se dispón que cese Mar Sánchez Sierra como directora xeral de Comunicación.
- Decreto polo que se nomea a Mar Sánchez Sierra secretaria xeral de Medios.
- Decreto polo que se nomea a Lucas Martinón Torres director xeral de Comunicación.
- Decreto polo que se dispón que cese María Nava Castro Domínguez como secretaria xeral para o Turismo.
- Decreto polo que se nomea a María Nava Castro Domínguez directora da Axencia de Turismo de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do espazo natural de interese local Loio-Ruxidoira (Paradela-Lugo).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica dos Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se dispón que cese José Álvarez Robledo como director xeral de Producción Agropecuaria.
- Decreto polo que se nomea a Patricia Ulloa Alonso directora xeral de Producción Agropecuaria.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial denominado "LAT. 132 kV Subestación Ludrio–Subestación Meira", concellos de Castro de Rei, Pol e A Pastoriza, na provincia de Lugo, como de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación das obras de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense por un importe de cincuenta e oito millóns de euros (58.000.000 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural e do Mar para a exención da achega de garantías aos beneficiarios de pagamentos parciais nas subvencións a agrupacións de produtores para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013, convocadas pola Orde do 30 de xaneiro de 2013.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as actividades formativas que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), na área de policía e seguridade pública, durante o primeiro semestre de 2013.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a Lei 1/2012 de medidas no emprego público. Xaneiro-décembro 2012.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a creación da Unidade de Aforro Eléctrico Local.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o centro de servizos sanitarios multicanle: o teléfono único do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe relativo ao Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) no ano 2013.

PRESIDENCIA

SECRETARIA XERAL DE MEDIOS

Mar Sánchez Sierra

Naceu na Coruña no ano 1969. Estudou a licenciatura de Ciencias da Información na Universidade de Navarra. Durante os anos de carreira traballou na empresa *NORSAN, S.L* e no xornal *La Voz de Galicia*. Ademais, estivo encargada da comunicación das *Xornadas Europeas da Xuventude*, celebradas en Santiago de Compostela.

Traballou no gabinete de prensa do Instituto Galego da Vivenda e Solo e foi responsable de Comunicación no Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela; da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais; do Ministerio de Sanidade; de Correos e da Vicepresidencia primeira e Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Foi conselleira, por proposta do Grupo Parlamentario Popular, do Consello de Radio Televisión de Galicia.

Desde 2009 ata a actualidade exerceu como directora xeral de Comunicación da Xunta de Galicia.

PRESIDENCIA

DIRECTOR XERAL DE COMUNICACIÓN

Lucas Martinón Torres

Naceu en Ourense en 1980. É xornalista, licenciado na primeira promoción de Periodismo da Universidade Pública Rey Juan Carlos e con estudos de Filoloxía Hispánica na Universidade de Santiago de Compostela.

Colaborou co actual presidente da Xunta de Galicia desde 2005, como redactor de gabinete de prensa da Vicepresidencia primeira e Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e, ata a actualidade, como xefe de Comunicación do presidente da Xunta desde o inicio da pasada lexislatura.

Con anterioridade publicou traballos xornalísticos en diferentes medios de comunicación como as revistas *Excelencias Turísticas* e *Auria* e os xornais *La Región* e *Atlántico Diario*.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A NAVA CASTRO COMO DIRECTORA DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

▪ *Cesa como secretaria xeral para o Turismo*

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Nava Castro Domínguez como directora da Axencia de Turismo de Galicia. Nava Castro é licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid, conta con diversos másters sobre estudos turísticos (IUSC. Centro de Estudos Superiores); Emigración e Retorno (Universidade de Vigo), en Axentes de Desenvolvemento Económico e Xestión de Programas (Universidade de Vigo), en Xestión e Dirección de Pemes (Universidade de Vigo), e en Intervención e Xestión de Servizos Sociais (Universidade da Coruña- Fundación Española de Estudos Sociais).

En maio de 2009 foi nomeada directora xeral de Comercio, posto que ocupou ata a setembro de 2012. Desde 2003 foi concelleira de Servizos Sociais e tenente de alcalde do Concello de Ponteareas (Pontevedra), onde en 2007 asumiu, ademais, a concellería de Economía e Facenda. De 2003 a 2006 foi responsable do Centro Europeo de Información e Animación Rural (Carrefour de Galicia), posto que tamén ocupou entre 1998 e 2000 e entre 1995 e 1998. Entre 2000 e 2003 foi alcaldesa do Concello de Ponteareas. De 1999 a 2000 foi concelleira de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas. Desde 1998 e ata 2000 foi responsable do Centro Europeo de Información e Animación (Carrefour de Galicia). Entre xullo e decembro de 1998 foi deputada no Parlamento de Galicia. Entre marzo de 2008 e maio de 2009 foi deputada no Congreso dos Deputados.

O PLAN DE CONSERVACIÓN DO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL DE LOIO - RUXIDOIRA, NO CONCELLO DE PARADELA, CONVÉRTESE NO PRIMEIRO ENIL APROBADO ESTA LEXISLATURA E NO SEGUNDO DE GALICIA

- *O ámbito atópase no termo municipal de Paradelas, provincia de Lugo, e conta cunha superficie de 437 hectáreas*
- *O interese natural do ENIL Loio-Ruxidoira radica fundamentalmente na presenza de diversidade vexetal, predominando na súa maior parte as especies autóctonas*
- *Con esta figura de protección, a Xunta reafirma a súa intención de compatibilizar a protección dun espazo natural e a súa conservación co uso público e co gozo da natureza*
- *Tras analizar as alegacións presentadas durante a información pública, a Xunta aproba en menos dun ano o segundo plan de conservación dun ENIL, xa que en setembro de 2012 deuse o visto e prace definitivo ao de Xunqueira de Alba, en Pontevedra*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o primeiro Plan de conservación dun espazo natural de interese local (ENIL) desta lexislatura. Trátase do ENIL de Loio- Ruxidoira no Concello de Paradelas.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, define os ENIL como aqueles espazos integrados nun termo municipal que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

Esta declaración ten como finalidade establecer un modelo de xestión que contribúa a alcanzar os obxectivos de conservación do ENIL Loio-Ruxidoira, de acordo cos criterios establecidos na normativa vixente.

Así, deste xeito, o ENIL de Loio- Ruxidoira convértese no primeiro que se aproba na lexislatura e no segundo que aproba a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en menos dun ano, xa que en setembro de 2012 aprobou o de Xunqueira de Alba, en Pontevedra.

Características do ENIL


A área comprendida por este ENIL atópase no termo municipal de Paradelas, provincia de Lugo, ao sueste de Galicia, e conta cunha superficie de 437 ha.

Os límites do ENIL Loio-Ruxidoira localízanse dentro das parroquias de Loio, San Martiño de Castro, As Cortes, Castro, A Laxe, Suar, Paradelas, Vilaragunte, Francos, Barán e Ferreiros.

O interese natural do ENIL Loio-Ruxidoira radica fundamentalmente na presenza de diversidade vexetal, predominando a súa maior parte as especies autóctonas.

A fauna, a flora, o patrimonio arqueolóxico e a paisaxe, entre outros aspectos, configuran un conxunto paisaxístico e natural merecedor dunha protección especial.

Dentro deste espazo natural pódense destacar os seguintes valores naturais presentes: o propio río Loio, o bosque de ribeira, os carballos e castiñeiros centenarios, os bosques naturais de especies autóctonas, e as formacións naturais de matogueiras. Todo iso configura unha interesante representación, a nivel local, dalgúns hábitats de interese comunitario definidos pola directiva europea relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre.



Obxectivo dos plans de conservación

Os plans de conservación establecen o réxime de usos e actividades permisibles no espazo natural, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo.

Os ditos plans deberán conter, como mínimo, a delimitación do seu ámbito de protección, a identificación dos valores que se queren protexer e dos posibles riscos que poidan afectar os seus valores naturais, as normas de usos e aproveitamento do solo e dos recursos naturais e as normas relativas ao uso público, así como ás actividades científicas ou educativas.

Con esta figura de protección, a Xunta de Galicia reafirma a súa intención de compatibilizar a protección dun espazo natural e a súa conservación co uso público e co gozo da natureza.

Os plans de conservación son vinculantes e prevalecen sobre o planeamento urbanístico.

Xunqueira de Alba, o primeiro de Galicia

Hai que lembrar que en setembro de 2012 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas publicou no DOG a aprobación do Plan de conservación do espazo natural de interese local Xunqueira de Alba, en Pontevedra, que se converteu no primeiro de Galicia declarado definitivamente e con plan de conservación aprobado.

O ENIL Xunqueira de Alba afecta unha marisma que se atopa no termo municipal de Pontevedra, nas proximidades do núcleo urbano, e localízase na confluencia do río Rons e río Lérez, próxima á desembocadura deste último, e está sometido á confluencia das mareas. A zona orixe de estudo ocupa 67 hectáreas, e constitúe unha das poucas zonas húmidas que existen no concello de Pontevedra.

Mediante este plan de conservación establécese un modelo de xestión que contribúe a alcanzar os obxectivos de conservación do ENIL, de acordo cos criterios establecidos na normativa vixente.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONVOCATORIA DE 200 PRAZAS DE MESTRES E 22 DE INSPECTORES PARA MANTER A CALIDADE E A ESTABILIDADE NA DOCENCIA EN GALICIA

- ***Cultura e Educación aposta na oferta de emprego público por reforzar a atención ás necesidades específicas de apoio educativo e ao impulso da aprendizaxe de linguas***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria de 200 prazas de mestres e 22 de inspectores para este 2013. Trátase dunha oferta de emprego público coa que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aposta pola estabilidade do emprego público no corpo docente. De feito, Galicia é a segunda comunidade – de entre as que confirmaron os datos da súa OPE no corpo docente- que máis prazas convoca, a primeira na relación proporcional co número de profesorado existente.

A Consellería convocará 50 prazas para a especialidade de mestre de infantil, 50 na de inglés, 50 na de pedagogía terapéutica e 50 para a de audición e linguaxe. Así mesmo, haberá unha oferta de 22 prazas para o corpo de inspectores de educación. Con esta oferta búscase cubrir as necesidades do sistema educativo público, co obxectivo de que Galicia continúe a ser unha das comunidades autónomas cunha das taxas máis baixas de temporalidade. Ademais a OPE presta especial atención á cobertura das necesidades específicas de atención da diversidade do alumnado galego, así como ao impulso do plurilingüismo a través do Plan de potenciación das linguas estranxeiras.

Modelo e temarios

O modelo de oposición seguirá as liñas básicas fixadas para todas as comunidades autónomas no Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes, unha vez transcorrido o período transitorio que a Lei orgánica de educación (LOE) establecía para os seus anos de implantación.

Respecto dos temarios, e conforme o ditado pola Orde ECD/191/2012, do 6 de febreiro (BOE do 7 de febreiro), pola que se regulan os temarios que han rexer nos procedementos de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación- serán de aplicación os establecidos no anexo I da Orde do 9 de setembro de 1993 - para as especialidades de infantil, inglés, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe- e o fixado pola Orde ECI/592/2007, do 12 de marzo, no caso do corpo de inspectores.

AS NOVAS ESTRUTURAS ORGÁNICAS DE SANIDADE E SERGAS AFORRARÁN MÁIS DE 100.000 EUROS NO CUSTO DA ADMINISTRACIÓN

- ***A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde melloran en eficacia e garanten os dereitos dos usuarios sen mingua na calidade das prestacións dos seus servizos***
- ***Estes cambios son continuidade do compromiso establecido pola Xunta de Galicia de eficacia, austeridade e control do gasto público***

O Consello da Xunta autorizou os decretos 227/2012 e 235/2012 que establecen a nova estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde. Esta modificación supón unha nova diminución de 108.404,22 euros no custo da organización administrativa. Os decretos entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

As novas estruturas seguen os criterios de eficacia, austeridade e control do gasto público impulsados pola Xunta de Galicia e repercutirán de forma positiva nos cidadáns xa que, cunha estrutura menor que a existente, tanto a Consellería de Sanidade como o Servizo Galego de Saúde van prestar os servizos que ata o momento se estaban realizando sen diminución na calidade de prestación deses servizos.

Entre as novidades da nova organización na Consellería de Sanidade, e atendendo a criterios de funcionalidade, modifícase a estrutura orgánica da Secretaría Xeral Técnica incorporando a Subdirección Xeral de Planificación e Ordenación Asistencial, que ata o momento se incluía na Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Por outra parte, a Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios asume novas funcións a través da creación dun novo servizo de xestión de expedientes sancionadores, centralizando todos os trámites que ata o momento estaban nas xefaturas territoriais e na propia subdirección.

Así mesmo, créase o servizo de Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, que asumirá a xestión de todas as unidades existentes a nivel periférico e que ata o momento tiñan a categoría de servizo.

Pola súa parte, os servizos centrais do Servizo Galego de Saúde modifican a súa estrutura orgánica seguindo principios da Estratexia Sergas 2014: o paciente como eixe do sistema, o recoñecemento e a potenciación dos profesionais e a implicación coa innovación.

Nesta liña, reordénanse as competencias co fin de unificar nunha mesma unidade distintas funcións que ata o momento estaban dispersas e créase a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade. Así mesmo, co obxectivo de adaptar o sistema

sanitario as características dos nosos cidadáns e pacientes, introdúcese como unha das áreas clave a Estratexia Galega de Atención Integral á Cronicidade, que será coordinada pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

No ámbito dos profesionais, o Sergas aposta por que asuman unha maior autonomía de xestión, se sintan partícipes das decisións e se sintan coidados pola Administración. Neste eido, unha das funcións que se lle asigna á Dirección de Asistencia Sanitaria é o impulso da xestión clínica. Ademais, na Dirección Xeral de RRHH créase un servizo que serve de soporte de todos os procesos de xestión de persoal e unifícase baixo a responsabilidade dun servizo único a xestión de todos os colectivos de persoal, con independencia do seu réxime xurídico.

Por último, preténdese que a innovación forme parte da organización, tanto organizativa como asistencial. Para iso créase un Servizo de Innovación Sanitaria dependendo da Subdirección de Investigación, Docencia e Innovación, e un Servizo de Innovación Organizativa dependendo da Subdirección Xeral de Ordenación Asistencial e Innovación Organizativa da Dirección de Asistencia Sanitaria.

O CONSELLO APROBA A NOVA ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, QUE ASUME O SERVIZO DE INMIGRACIÓN

- *Na reunión de hoxe aprobouse o decreto polo que se establece a estrutura deste departamento autonómico*
- *A principal novidade é que a Dirección Xeral de Familia e Inclusión asume as competencias en materia de inmigración, que antes estaban adscritas á Secretaría xeral da Emigración*
- *Créase ademais a subdirección de Planificación e Innovación que se encargará de avanzar nas actuais actuacións prestacións destinadas á prevención precoz da dependencia a través das TIC*
- *Na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado créase o Instituto da Xuventude de Galicia, con rango de subdirección xeral, co fin de cumprir a Lei 6/2013, e sen que supoña ningún custo adicional para a Administración*
- *A nova estrutura, que equilibra busca acadar unha mellor adaptación ás necesidades sociais e laborais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que establece a nova estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. A principal novidade que se establece é que a Dirección Xeral de Familia e Inclusión asumirá as competencias en materia de inmigración, que antes estaban adscritas á Secretaría Xeral de Emigración.

O outro cambio salientable que se produce é na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. A Subdirección Xeral de Programas pasa a substituírse polo Instituto de Xuventude de Galicia, e nel inscríbese como servizo a Escola Galega de Xuventude.

Esta modificación dá cumprimento á Lei 6/2013, de xuventude de Galicia, e non supón ningún custo adicional para a Administración.

Así mesmo, faise unha reestruturación da Secretaría Xeral Técnica que crea os servizos de xestión económica e control orzamentario e o Provincial de Coordinación de centros que asume a competencia de apoio, coordinación e planificación na prestación de servizos nos equipamentos da consellería, co fin de unificar os criterios en todos os centros da Consellería.

Todos os cambios que se producen na nova estrutura obedecen aos principios de austeridade, eficacia e eficiencia no deseño e funcionamento da Administración pública. O seu obxectivo é acadar unha mellor adaptación ás necesidades sociais e laborais actuais.

O decreto regula tamén os cambios que se fixeron xa efectivos ao comezo desta lexislatura en canto ás direccións xerais. Deste xeito a estrutura orgánica da Consellería

de Traballo e Benestar quedaría así: na área laboral, composta pola Dirección Xeral de Emprego e Formación, e a de Traballo e Economía Social, que unifican en dous as competencias das tres direccións xerais que existían nesta materia durante o anterior período legislativo.

Estes dous órganos serán os encargados de desenvolver e executar as actuacións e programas en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións e saúde laboral, cooperativas e outras entidades de economía social, formación e colocación.

Pola súa banda, na área social mantívose da anterior estrutura a Secretaría Xeral de Política Social e creouse a Dirección Xeral de Familia e Inclusión, co obxectivo de darlle aínda máis prioridade ás políticas de integración social, menores e familia, e conciliación da familiar e persoal.

Impulso ás novas tecnoloxías en materia de Benestar

Na área de Benestar cómpre destacar dúas novidades. Créase, dependente da Secretaria Xeral de Política Social, a subdirección de Planificación e Innovación que sumirá as funcións como órgano específico e especializado en materia de innovación tecnolóxica e investigación na xestión de servizos de benestar. O principal obxecto na creación deste novo órgano é o de impulsar e avanzar nas actuais prestacións de prevención e detección precoz da dependencia a través das TIC.

Polo que respecta á Dirección Xeral de Familia e Inclusión, créase a Subdirección xeral de Inclusión, Inmigración e Acción social, en substitución da de Inclusión social e Cooperación cosas corporacións locais.

Por último, recóllese a supresión da adscrición do departamento da Subdirección xeral da Tecnoloxía da Información que se incorpora á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A PATRICIA ULLOA ALONSO COMO NOVA DIRECTORA XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA

- ***Patricia Ulloa substitúe no cargo a José Álvarez Robledo***

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Patricia Ulloa Alonso como nova directora xeral de Producción Agropecuaria en substitución de José Álvarez Robledo. Nada no municipio de Vigo o 22 de xuño de 1961, Ulloa Alonso ocupou distintos cargos no Executivo galego.

Entre os anos 2003 e 2006 foi xefa do Servizo de Axudas Estruturais na Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. Entre o 2006 e o 2009 tivo o cargo de xefa do Servizo de Axudas Gandeiras da PAC no Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), organismo autónomo da Consellería do Medio Rural e do Mar. Dende o ano 2009 ata a actualidade ocupou o posto de subdirectora xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias na propia Consellería.

Esta viguesa, casada e con tres fillos, é enxeñeira agrónoma pola Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos de Madrid na especialidade de fitotecnia e funcionaria do Corpo Superior de Administración Especial -grupo A- da Xunta de Galicia, na escala de Enxeñeiros Agrónomos.

A XUNTA AVANZA NAS INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS QUE EVACUARÁN A ENERXÍA DOS PARQUES DO CONCURSO EÓLICO EN LUGO

- ***Unha nova liña de alta tensión unirá a subestación de Meira coa de Ludrio, en construción, cubrindo sete parques que suman un total de 191 MW***
- ***O proxecto mellorará tamén a calidade e seguridade do sistema eléctrico nos concellos de Lugo, Outeiro de Rei, Begonte, Castro de Rei, Rábade, A Fonsagrada, Pol e Baleira***

O Consello da Xunta declarou hoxe a incidencia supramunicipal do proxecto que une a futura subestación lucense de Ludrio –concello de Castro de Rei-, coa xa existente en Meira a través dunha liña eléctrica de alta tensión que conta cunha lonxitude de 14,5 quilómetros. Esta infraestrutura supón un paso fundamental no desenvolvemento do concurso eólico na provincia, ao permitir evacuar á rede eléctrica, a través da subestación de Ludrio, a enerxía que xerarán sete parques da comarca que suman 191 MW.

A realización deste proxecto, no que a empresa E.On Distribución investirá 3,5 millóns de euros, permitirá, ademais, un incremento nos niveis de calidade e seguridade na subministración eléctrica da comarca de Lugo, ao estar planificada a conexión da subestación de Ludrio coa liña principal de transporte de Rede Eléctrica Española. Mellorarase, deste xeito, a distribución, mellorando tanto a calidade de vida da poboación como a competitividade das empresas dos concellos de Lugo, Outeiro de Rei, Begonte, Castro de Rei, Rábade, A Fonsagrada, Pol e Baleira.

Ademais, ao incrementarse a potencia actual soportada pola subestación de Meira permitírase atender o crecemento vexetativo da demanda na zona central de Lugo, asegurando a correcta subministración aos consumidores existentes e futuros ao mínimo custo.

A Xunta de Galicia mantén, así, a súa aposta pola mellora da calidade do abastecemento enerxético na comunidade. Neste sentido, cómpre lembrar que a Consellería de Economía e Industria leva investidos máis de 37 millóns de euros para a adecuación das infraestruturas enerxéticas.

Así, executáronse distintos plans de calidade coas empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, apoiouse o soterramento de infraestruturas eléctricas nos concellos e desenvolvéronse outras actuacións puntuais como os convenios de adecuación de liñas eléctricas de Verín e da península do Morrazo.

A XUNTA DÁ UN NOVO PASO NO PROCESO DE AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DO CHUO

- ***Autoriza o expediente para a licitación das obras, ás cales destinará 58 millóns de euros***
- ***A superficie será de case 54.000 metros cadrados***

O Consello da Xunta de Galicia dá un novo paso na ampliación e modernización do CHUO. O Servizo Galego de Saúde vai destinar 57.985.550 de euros para a execución das obras de hospitalización correspondentes á ampliación-modernización do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cofinanciado polo proxecto H2050.

Esto permitirá aplicar na área de hospitalización os últimos avances tanto no campo das TIC como das tecnoloxías sanitarias, convertendo o CHUO nun auténtico *living lab* de referencia en Europa no sector da saúde.

Datos do proxecto

Segundo consta no proxecto de obra, a superficie será de arredor de 54.000 m². O prazo de execución das obras é inicialmente de 28 meses desde a formalización do contrato e levantamento da acta de implantación.

Deste xeito, a ampliación do CHUO vai supoñer unha mellora substancial na prestación da asistencia sanitaria á cidadanía ao incorporar os últimos avances na área de hospitalización incluída nesta obra.

A ampliación e modernización permite a execución da área de hospitalización, o bloque de servizos xerais e o aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto dos cidadáns).

A torre de hospitalización ten 14 unidades, das que 9 son polivalentes médico cirúrxicas, unha de psiquiatría, de paliativos, de oncoloxía e dúas unidades experimentais. En total ten unha capacidade máxima de arredor de 900 camas. Ademais, dispón dunha área de docencia, cafetarías para o público e o persoal, departamento de admisión, tendas e vestíbulo.

Douta banda, os servizos xerais constan de cociña, mantemento, vestiarios, zona de residuos, mortuorios e almacéns. Por último, a área de aparcadoiro artículase en 3 andares con arredor de 700 prazas.

OS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS Á PROMOCIÓN DE PRODUTOS DE CALIDADE PODERÁN PERCIBIR ANTICIPOS SEN NECESIDADE DE PRESENTAR AVAL

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar para a exención da achega de garantías aos beneficiarios de pagamentos parciais nas subvencións para a realización de actividades de información e promoción de produtos de calidade***

Os beneficiarios das axudas á promoción de produtos agroalimentarios galegos de calidade poderán percibir anticipos sen necesidade de presentar aval para as cantidades cobradas deste xeito anticipado. Así o decidiu hoxe o Consello da Xunta ao aprobar o acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural e do Mar para a exención da achega de garantías aos beneficiarios de anticipos nas subvencións para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada. Estas axudas están enmarcadas no Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007-2013, convocadas por Orde do 30 de xaneiro de 2013, e contan cunha dotación orzamentaria de 2 millóns de euros para este ano.

O acordo vai permitir que os beneficiarios das axudas para a promoción dos produtos galegos de calidade -que son fundamentalmente os consellos reguladores e asociacións de produtores sen ánimo de lucro- poidan cobrar pagamentos parciais nos expedientes de axudas sen ter que constituír garantía ningunha para avalar as cantidades cobradas.

Isto vai facilitar o acceso ás ditas axudas, o que permitirá unha mellora dos posibles problemas de liquidez para afrontar os gastos nas campañas de promoción, xa que se poden ir percibindo reembolsos antes de ter finalizada totalmente a acción.

A AGASP INCREMENTA ESTE ANO OS CURSOS DE FORMACIÓN PARA A POLICIA AUTONÓMICA E A POLICÍA LOCAL

- *O goberno galego segue apostando pola importancia da formación dos corpos de seguridade galegos*
- *Levaranse a cabo nos seis primeiros meses do ano un total de 44 cursos impartidos pola Academia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe que recolle as accións formativas que a Academia Galega de Seguridade Pública vai realizar na área de policía e seguridade pública neste primeiro semestre do ano, que reflicte un incremento dun 175 por cento os cursos con respecto ao ano pasado.

O goberno da Xunta segue comprometido coa tarefa de garantir a seguridade dos galegos, dentro das súas competencias, entendendo que unha das claves é a mellor formación e cualificación dos profesionais que traballan como garantes desa seguridade pública, xa que, canto mellor estean formados estes profesionais, os servizos que presten terán máis calidade e eficacia e, deste xeito, máis alto será o nivel de seguridade colectiva.

Así, incrementábase o número de accións formativas específicas con respecto a anos anteriores, especialmente se comparamos co ano 2012 no cal se realizaron 16 actividades fronte ás 44 deste ano. Desenvólvense todos os cursos selectivos de promoción interna da policía local pendentes de realización e continúaase coa especialización da UPA en tarefas concretas e sensibles, como son a investigación dos incendios forestais, a loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal, a temática da violencia intrafamiliar e de xénero e, en xeral, a instrución de atestados policiais por investigación.

Os cursos que se presentan neste informe responden ás demandas dos propios colectivos de seguridade, que son, en definitiva, os que prestan este servizo público. A sociedade galega quere e exige profesionais cunha formación integral que sexan capaces de traballar en equipo, de afrontar cambios, de resolver conflitos e de actuar ante unha emerxencia. Todos eles son os obxectivos fundamentais que teñen a realización destes cursos.

Cursos para a Policía Local

Levaranse a cabo 33 cursos que comprenderán un total de 1.298 horas para 348 membros das policía locais de Galicia e que responden ás necesidades reais destes profesionais, atendendo ás súas propias demandas.

Así, realizaranse cursos selectivos de promoción interna para as categorías de oficial, inspector e inspector principal, con 29 alumnos procedentes de 14 concellos diferentes,

e cun total de 750 horas lectivas de formación. Ademais, nestes primeiros seis meses do ano, convocaranse 27 cursos de formación continua, ofertando 512 horas lectivas e 669 prazas, onde priman os cursos presenciais totalmente prácticos, como por exemplo o de intervención policial en lugares pechados, conducción de motocicletas, operadores de radar ou detección de drogas na conducción e, sobre todo, é evidente a importancia que se dá as funcións reais da policía local, incidindo en gran maneira nas áreas de tráfico e seguridade viaria ou na de comunicación social.

Ademais, haberá tres cursos dirixidos especificamente aos xefes e mandos dos corpos da policía local, cun total de 150 prazas. E tamén se levarán a cabo as edicións precisas do curso de auxiliares de policía local de acordo coas necesidades dos concellos.

Cursos para a Policía Autonómica

As actividades formativas dirixidas ao persoal da Policía Autonómica para este primeiro semestre de ano teñen como novidade máis salientable que o formato no cal se van desenvolver a meirande parte dos cursos será mediante a plataforma de formación en liña, o que facilita a participación dos alumnos, permitindo conciliar a vida familiar coa formación profesional, e tamén abaratando os custos ao non ter que asumir a Administración os desprazamentos do persoal policial, coa diminución que iso supón en recursos humanos e, así mesmo, co gasto engadido en vehículos e axudas de custo.

Así, os membros do corpo da Policía Autonómica levaran a cabo curso sobre control de residuos, control de depuradoras e lodos, investigación de incendios, sanidade e benestar animal, control de produtos fitosanitarios, protección patrimonio cultural, violencia de xénero e normativa de transporte de peixe ou marisco, entre outros. Os cursos terán unha duración de máis de 300 horas, sen límite de alumnos.

A XUNTA AFORROU 26 MILLÓNS DE EUROS NO ANO 2012 AO REDUCIR NUN 25% O CUSTO POR BAIXAS LABORAIS NA ADMINISTRACIÓN

- *O pasado ano a diminución de baixas laborais na Xunta foi dun 25,6%*
- *O descenso das baixas iniciadas no ámbito da Administración xeral en decembro de 2012 en relación co mesmo mes do ano 2011 foi do 37%*
- *O nivel de absentismo entre os anos 2008 e 2012 diminuíu no ámbito de Función Pública un 41%, tras pasar dunha porcentaxe de baixas do 5,4% a unha do 3,1%*

O Goberno galego conseguiu aforrar 26 millóns de euros no ano 2012 en relación co ano anterior como consecuencia da redución nun 25,6% do número de baixas laborais rexistradas entre xaneiro e decembro no ámbito de Función Pública, e dun 24% no Servizo Galego de Saúde.

Así se recolle nun informe presentado ao Consello da Xunta pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, que tamén recolle que entre xaneiro e decembro de 2012 se iniciaron un total de 6.149 baixas, un 29,2% menos que en 2011, no cal se rexistraran 8.685. O descenso de baixas iniciadas no Sergas foi do 36%, ao reducirse os procesos de 24.298 en 2011 aos 15.385 en 2012.

Neste concepto, destaca a redución das baixas comezadas en decembro de 2012 en relación co mesmo mes do ano anterior, ao alcanzar o 37% no ámbito da Función Pública e o 40% no Sergas.

Ademais, o nivel de absentismo foise reducindo de maneira progresiva ao longo da pasada lexislatura ata un 41%, entre os anos 2008 e 2012, pois pasou dunha porcentaxe de baixas do 5,4% hai cinco anos a unha do 3,19% en 2012. No ámbito do Sergas tamén se observa un descenso constante do absentismo nos últimos anos, ao pasar do 7,34% en 2008 ao 3,99% en 2012.

A XUNTA CREA A UNIDADE DE AFORRO ELÉCTRICO LOCAL PARA APOIAR AOS CONCELLOS NO EIDO DA FACTURA ELÉCTRICA

- *Economía e Industria, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), activa distintas medidas orientadas á mellora da eficiencia enerxética municipal e á detección de posibles abusos na facturación*
- *O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) porá en marcha un servizo de auditorías enerxéticas en liña para concellos, contribuíndo á identificación de medidas concretas de eficiencia*
- *Desde o Instituto Galego de Consumo asesorarase a Fegamp na súa mediación coas empresas comercializadoras e na canalización das reclamacións que poidan formular*
- *O Laboratorio de Metroloxía levará a cabo inspeccións para verificar o correcto funcionamento dos contadores eléctricos dos concellos*

O Goberno galego porá en marcha a Unidade de Aforro Eléctrico Local, un servizo pioneiro en Galicia que prestará un apoio integral de asesoría enerxética aos concellos co fin de resolver a problemática en materia de subministración de enerxía eléctrica. Neste sentido, nun informe presentado hoxe ante o Consello da Xunta, a Consellería de Economía e Industria activará un completo paquete de medidas que se materializará nun convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para mellorar a eficiencia enerxética municipal e detectar posibles abusos na facturación.

As principais medidas virán articuladas polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) que dentro da nova Unidade de Aforro Eléctrico Local porá en marcha unha asesoría enerxética de carácter multidisciplinar que resolve e aclara as dúbidas dos municipios, de maneira personalizada, no relativo a tarifas e prezos, técnicas de aforro ou información sobre empresas de servizos enerxéticos. Ademais, ofrece aos concellos un “optimizador da facturación” de electricidade, dispoñible na propia páxina web do Inega, que comproba que as facturas e os consumos dos concellos sexan coherentes co tipo de subministración contratada.

Entre as medidas que se levarán a cabo, porase en marcha, ademais, un servizo de auditorías enerxéticas en liña que permitirá aos concellos levar a cabo avaliacións adaptadas ás particularidades de cada municipio, contribuíndo á identificación de medidas concretas para a mellora da súa eficiencia enerxética. Por medio do Laboratorio de Metroloxía desenvolveranse, tamén, inspeccións co obxectivo de verificar o correcto funcionamento dos contadores naqueles concellos que o soliciten.

Mediación entre concellos e empresas comercializadoras

A Unidade conta coa participación do Instituto Galego de Consumo, que asesorará a Fegamp na súa mediación coas empresas comercializadoras. Neste contexto, cómpre

salientar que se reforzará a oficina de atención da Fegamp, que incorporará persoal especializado en realizar as mediacións das reclamacións dos concellos, así como a posterior tramitación no caso de que fose necesaria. Así mesmo, incorporárase un técnico a esta oficina que axudará a aqueles concellos que o desexen na utilización das distintas ferramentas informáticas habilitadas.

O obxectivo é prestar o apoio necesario aos concellos galegos para canalizar axeitadamente as reclamacións que poidan formular. Nos casos en que non prospere a mediación, a Dirección Xeral de Industria e o IGC levarán a cabo a apertura de expedientes sancionadores. Ademais, a Dirección Xeral de Industria asesorará os municipios na elaboración de pregos tipo para a contratación do servizo de subministración eléctrica.

Por medio da Unidade de Aforro Eléctrico Local configúrase un novidoso programa integral que permitirá aos concellos galegos, coa axuda da Consellería de Economía e Industria en colaboración coa Fegamp, racionalizar os seus consumos enerxéticos, mellorar a calidade da subministración e solucionar os posibles erros na facturación.

Deste xeito, o Goberno galego reforza as distintas actuacións que xa estaba impulsando no eido enerxético municipal como o programa de apoios para aforro e eficiencia enerxética que promove cada ano o Inega; a formación de técnicos en xestión enerxética municipal; ou o impulso dado aos novos modelos de negocios enerxéticos, que facilita aos concellos acometer a substitución de instalacións enerxéticas por outras máis eficientes sen ver incrementada a súa factura.

O TELÉFONO ÚNICO DO SERGAS 902 077 333 AFORRA AOS USUARIOS 2,9 MILLÓNS DE EUROS EN SETE MESES

- *Este sistema está dispoñible para o cidadán as 24 horas do día os sete días da semana*
- *O teléfono único, centro de servizos sanitarios multicanle, permite solicitar o atraso ou anulación de citas hospitalarias e acceder á consulta telefónica con persoal sanitario ademais dos servizos de cita previa en Atención Primaria*
- *Tamén integra a cita pola internet (www.sergas.es), unha canle que entre xullo e decembro de 2012 xestionou 2,44 millóns de citas*
- *Dun total de 3,45 millóns de chamadas aos teléfonos de cita previa, o sistema automático recibiu o 53,7%, mentres que os centros de saúde atenderon o 46,3% restante*
- *Os novos servizos rexistraron máis de 20.153 solicitudes de consulta médica, o que permitiu anular 3.178 citas hospitalarias así como atrasar outras 1.549*

O Servizo Galego de Saúde presentou un informe ao Consello da Xunta sobre o centro de servizos multicanle, o teléfono único 902 077 333, que aforrou aos usuarios uns 2,9 millóns de euros entre xuño e decembro de 2012, grazas principalmente á integración de servizos de atención telefónica do Sergas, así como os ofertados na páxina web.

Ademais, este teléfono único acadou paralelamente uns aforros de 3,2 millóns de euros á Administración sanitaria galega respecto ao ano 2009.

Teléfono único do Sergas

Neste novo servizo intégranse todos os teléfonos de atención ao público polo que, desta forma, o cidadán elixe o medio que lle resulta máis cómodo e económico, chamar ao seu centro ou ao 902 en calquera franxa horaria os 7 días da semana, garantindo sempre a atención da chamada.

Ademais, todos os teléfonos de cita previa dos centros de saúde funcionan agora como unha única centraliña coordinada con este teléfono único, garantindo un custo para o cidadán de chamada local e permitíndolle aforros nas súas chamadas.

Na actualidade, ademais dos servizos de cita previa en atención primaria, médico de familia e pediatra que xa se ofrecían, tamén dispón dos servizos de enfermaría, odontoloxía, matrona, análíticas, vacinas e actos varios como, por exemplo, a cita para a primeira visita do neno ao odontólogo.

Ademais, este sistema tamén permite hoxe solicitar o atraso ou anulación de citas hospitalarias e acceder á consulta telefónica (chamadas de orientación clínica ao

paciente por parte do persoal sanitario da Fundación Pública Urgencias Sanitarias-061). O obxectivo nun futuro é continuar ofertando novos servizos asistenciais, administrativos e de información.

Multicanle

O teléfono único implica o persoal propio dos centros na petición de cita telefónica; este persoal é o primeiro ao cal se dirixen as chamadas dos pacientes para solicitar unha cita. Co obxectivo de dar sempre resposta ao usuario, en caso de que os centros de saúde non poidan atender unha chamada, esta é derivada ao sistema de recoñecemento de voz (IVR). Se non é posible este sistema, en último caso diríxese a operadores externos.

Este teléfono está, ademais, integrado co servizo de cita previa en atención primaria da páxina web do Sergas (www.sergas.es), tamén dispoñible para o cidadán as 24 horas do día os sete días da semana, e que entre xullo e decembro do 2012 xestionou 2,44 millóns de citas previas a través da internet.

Resultados en 2012

Entre xuño e decembro de 2012 rexistráronse un total de 3.459.719 chamadas de xestión de cita previa de Atención Primaria, das cales 1,86 millóns, é dicir, o 53,7%, foron atendidas polo sistema automático de recoñecemento de voz. O 46,3% restante (1,6 millóns de chamadas) foron atendidas polos propios centros de saúde.

Neste mesmo período o sistema rexistrou un total de 20.153 solicitudes de consulta médica. Ademais, esta canle permitiu anular 3.178 citas hospitalarias, e atrasar outras 1.549. Pola súa parte, internet rexistrou 2.440.038 solicitudes nos mesmos sete meses.

Avances do sistema

No anterior sistema, instalado no ano 2008, só se ofertaba a posibilidade de solicitar cita previa para o médico de familia chamando a un dos dous números 902 que existían antes, o que supoñía un alto custo para os cidadáns, ou chamar aos centros de saúde que só atendían en horario laboral e que tiñan un alto grao de saturación telefónica.

Con este novo sistema desde xuño de 2012 o Sergas dá cobertura a toda a cidadanía, maximizando o uso dos recursos propios e introducindo automatismos na atención telefónica; deste xeito, o custo en operadores redúcese.

TRABALLO PON EN MARCHA UN PLAN INTEGRAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS CO APOIO UNÁNIME DE PATRONAL E SINDICATOS

- ***O Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para 2013, que inclúe 66 actuacións, inscríbese no marco da Estratexia en Prevención de Riscos Laborais 2011-2014, acordado no seo do diálogo social***
- ***Trátase dun plan integral que abarca a totalidade das disciplinas preventivas e se destina a todo o tecido empresarial galego, especialmente pemes e autónomos***
- ***Conta con seis eixes e inclúe iniciativas novas como a unidade docente para formación de especialistas en medicina do traballo; estudos epidemiolóxicos en veterinarios, redeiras e percebeiros a pé; ou a prevención de drogodependencias no ámbito laboral***
- ***No Consello da Xunta deuse conta tamén dos datos de sinistralidade laboral para o ano 2012, que diminuíu nun 24%, cun total de 23.668 accidentes laborais fronte aos 31.141 do ano 2011***

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) está a poñer en marcha por terceiro ano consecutivo a Estratexia en Prevención de Riscos Laborais 2011-2014, froito dun acordo no seo do diálogo social, e que inclúe o desenvolvemento do Plan de actividades do instituto para 2013, aprobado por unanimidade por sindicatos, empresarios e Goberno autonómico.

Este plan integral, ao que deu luz verde hoxe o Consello da Xunta, definiuse cun dobre obxectivo: por unha banda, abarcar a totalidade das disciplinas preventivas, tales como seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía e medicina no traballo; e, doutra, ter como destinatarios todo o tecido empresarial galego, de xeito moi especial as pemes e a promoción de autónomos.

Conta con 66 actuacións articuladas en seis eixes: xestión de procesos para o desenvolvemento de actuacións de carácter interno; observatorio galego de condicións de traballo, que obtén, procesa e difunde información así como publica os datos estatísticos e o coñecemento xerado; xestión da sinistralidade; accións de colaboración e asesoramento técnico; programas de redución, e formación, difusión e sensibilización.

As accións formativas planificadas para o ano 2013 chegarán a preto de 9.000 persoas. Desenvolveranse 24 xornadas técnicas propias do ISSGA, así coma outras organizadas en colaboración con outros organismos; 12 cursos básicos de prevención de riscos presenciais e 3 cursos en liña de formación en prevención de riscos laborais, ademais dun curso específico para actividades de tempo libre (en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude).

Ademais, impartirase formación en prevención de riscos laborais en máis de 35 cursos a traballadores do sector primario no marco do Programa de desenvolvemento rural sustentable con contidos específicos teórico-prácticos dedicados á seguridade na pesca, ao emprego seguro de maquinaria agrícola e forestal e ás pequenas explotacións gandeiras, entre outros.

Ben que o plan reflicte un carácter continuista co de 2012 porque as distintas fases dos programas xa postos en marcha exixen períodos superiores a un ano para a súa execución, entre as novas actividades deste ano cómpre salientar a creación dunha unidade docente para formación de especialistas en medicina do traballo, unha proposta de colaboración coa autoridade sanitaria para o asesoramento por parte do ISSGA e a vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral, ou a elaboración do programa sectorial de asesoramento para a redución da sinistralidade.

Tamén destaca a realización de estudos epidemiolóxicos en veterinarios, redeiras e percebeiros a pé; un estudo de metodoloxías de mostraxe e avaliación hixiénica; traballos para a prevención de drogodependencias no ámbito laboral; ou a sinatura dun convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria para a difusión da prevención de riscos laborais.

Deste xeito, os centros do ISSGA da Coruña e Pontevedra terán a consideración de entidades colaboradoras dunha unidade docente en Galicia para impartir o programa oficial da especialidade de Medicina do Traballo polo sistema de residencia.

En canto á colaboración coa autoridade sanitaria, o obxectivo é propiciar a colaboración, especialmente en ámbitos como o asesoramento e a asistencia técnica por parte do ISSGA na autorización e na verificación do mantemento das condicións da autorización sanitaria dos servizos de prevención e mais na avaliación da súa actividade sanitaria; ou a vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral.

O programa sectorial de asesoramento para a redución da sinistralidade ten, entre outros obxectivos, o de reducir a sinistralidade laboral en empresas cunha elevada taxa de accidentes, para o que se desenvolverá un labor de asesoramento especialmente nos sectores para os que non existe outro programa específico neste plan.

Estudo epidemiolóxico en veterinarios

O ISSGA desenvolverá ao longo do 2013 un estudo epidemiolóxico co sector dos veterinarios, no cal poderán participar máis de 1.200 persoas. O obxectivo é coñecer o estado de saúde do colectivo, obter información dos factores de risco da súa actividade e propoñer medidas preventivas e de boas prácticas.

O estudo consta de recoñecementos médicos específicos e o posterior tratamento da información para a identificación das principais patoloxías e os riscos laborais máis relevantes deste colectivo.

Ademais, en paralelo coas actividades de prevención nos autónomos, realizáronse recoñecementos médicos ao longo de 2011 e 2012 para o desenvolvemento de estudos epidemiolóxicos nos colectivos de redeiras e percebeiros a pé. En 2013 elaboráranse os documentos de conclusións destas análises, nos cales se identificarán as patoloxías máis relevantes en relación cos riscos laborais a que están expostos estes traballadores, que son fundamentalmente de orixe ergonómica.

Doutra banda, subscribírase un acordo coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver actividades que teñan por finalidade mellorar a información, a sensibilización e a formación no eido da prevención dos riscos laborais na poboación escolar nos diferentes niveis educativos e o apoio técnico ao profesorado.

En concreto, ao longo de 2013 o obxectivo pasa por elaborar materiais divulgativos e didácticos relacionados coa difusión e promoción da prevención dos riscos laborais e desenvolver conxuntamente actuacións que promovan a cultura da prevención e a difusión de boas prácticas.

Sinistralidade 2012

No Consello da Xunta deuse conta tamén dos datos de sinistralidade laboral para o ano 2012, que diminuíu nun 24%, cun total de 23.668 accidentes laborais fronte aos 31.141 do ano 2011. Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 27,32% en Pontevedra, nun 23,06% en Lugo, do 22,50% na Coruña e do 19,22% en Ourense.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

Os datos da incidencia tamén reflicten o descenso da sinistralidade. A diminución no total de Galicia é do 20,16%, e os datos da diminución por provincias son os seguintes: 23,03% en Pontevedra, 19,27% en Lugo, 18,98% na Coruña e 15,58% en Ourense.

